



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEP PLURILINGÜE DE VENTÍN

Ventín – Biduíd

15895 – Ames (A Coruña)

Tfno. 881867490 fax 881867495

cep.ventin@edu.xunta.gal

**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E
TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR
CONVOCATORIA**

De acordo coa resolución do 20 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (D.O.G. 29-09-21), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/nais**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio e na páxina web. **As candidaturas** poderán ser presentadas **ata as 14:30 horas do citado día 11 de novembro**.

4.- O **sorteo** dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día **15 de novembro, ás 14:00**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As **votacións** realizaranse neste Colexio Público o día **22 de novembro, de 09:30 a 18:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:25 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **3 nomes** dos candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante **exhibición do D.N.I. ou documento similar**. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ventín, 03 de Novembro de 2021

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Alfredo Rodríguez Rodríguez